

# Carta de Salvatierra de Guanajuato

## As bolboretas tamén queren morrer en Michuacán

FRANCISCO CASTRO | INMA LÓPEZ SILVA

I

As bolboretas monarca son unha nube que escurece a estrada e que inunda de natureza o ar contaminado polas fábricas. Veñen do Canadá e van morrer a Michuacán, nun paraíso de *oyameles*. Ás veces, os coches que rodan a 160 quilómetros por hora polas autoestradas cheas de buratos e de *pickups* cargadas con traballadores, levan por diante unha desas nubes de bolboretas. Pousamos os nosos ollos alucinados nun sinal de tráfico que dicía algo así como “Respete las mariposas” ou “Respete el cruce de las mariposas”. Foi tan brutal a aparición dun sinal de tráfico *así* que só conseguimos fixar na memoria, coa sensación do impacto, a esencia do que dicía, mais non o que dicía en realidade. Levabamos doce horas de avións e tres horas de autobús ata Querétaro, unha cidade que é coma Galicia enteira, pero concentrada nun anaco de México, así que podía ser perfectamente unha alucinación producida polo esgotamento. Pero non o era. É un sinal de tráfico *real* que fala de nubes de bolboretas que atravesan, coma peóns aéreos, a estrada. Querétaro. Que nome. Poderíamos escribir un poema só coas súas sílabas esdrúxulas. Querétaro. Logo, un coche e os carteis contra as nubes de bolboretas que nacen para morrer en México; os vadéns xigantescos que alí chaman *topes* e que converten



A morte é outra manifestación (fermosa) da vida

calquera viaxe nunha montaña rusa; os postos de flores de mil cores e animais feitos con vimbio na beiravía; os bares de madeira que reparten auga de coco e zumes e que lle botan chile ata aos cacahuets que acompañan as cervexas. Soubemos, entre o sono, a fame e o cansazo transoceánico, que coas bolboretas comezaríamos esta lembranza da viaxe a unha vila de poetas. E tamén aprendemos, sen lugar a dúbidas nese prólogo de *road movie*, que nós tamén lograríamos soñar con morrer en Michuacán, coas bolboretas monarca cruzando unha estrada imposible en que, entre outras sorpresas, os traballadores que botan asfalto paran o tráfico para que, xa sabes, amablemente *herma-*

*no*, lles deas “unha axuda”.

Fomos convidados a Salvatierra de Guanajuato, un dos Pueblos Mágicos do centro de México, coas súas casiñas de cores, os seus pazos coloniais, as súas rúas tranquilas ateigadas de xente, e o seu alcalde poeta, que inventou, antes de ser alcalde, hai xa trece anos, un encontro de escritores onde recalamos grazas a un deses galegos fascinantes que un día emigran e conquistan o mundo. José Antonio Núñez, por carambolas do destino, traballa como xerente nunha universidade en Salvatierra, e entende que México debería saber que existe unha cousa que se chama Galicia, coa súa lingua e a súa literatura. En 2016 leu en galego uns relatos eróticos de

Francisco Castro no Encontro de Escritores de Salvatierra de 2016, causando unha grande impresión eses textos que falaban *de la chingada*. Así que moveu Roma con Santiago para lograr que, nesta edición, fôsemos dúas persoas da literatura galega a ese mesmo encontro literario. Un, por suposto, tiña que ser Francisco Castro. Decidiuse despois que a segunda afortunada fose Inma López Silva. Alí lemos a nosa obra, e puidemos coñecer autoras e autores cuxa escritura traemos no peto: Jorge Souza, Sofía Cham, Walter Jay.

Repartimos os roles como esixen as máis serias delegacións internacionais, e así, a Francisco, que é tamén editor, tocoulle explicar, en dous minutos, que é Galicia. Que a literatura galega non é a literatura española. E que temos lingua de nós.

E non levou nin dous minutos, dende logo, que o entendesen. Con naturalidade. E escoitaron a Inma ler en galego das súas novelas. E a Francisco das súas. E o galego soou no interior de México. As bolboretas, sorprendidas, pararon por uns minutos a súa migración só para reparar naquela fala tan curiosa.

## II

Disque os guerreiros maias non soportaban perder, e cravaban frechas nos ollos para non ter que ver a derrota. E aínda con esa tradición, México é un ronsel de derrotas que se ve na desorde das rúas, nos edificios a medio facer, nos perigos á vista, nos narcoestados, no machismo imperante, na corrupción que campa polas esquinas, na riqueza que se desborda pola natureza exuberante para que só a recollan uns poucos. As maiores derrotas: os feminicidios e a poboación que vive con menos dun euro ao día nun país que seguramente é dos máis ricos do mundo.

Inma López Silva é escritora e profesora na Escola Superior de Arte Dramática (ESAD).

Francisco Castro é escritor e director xeral de Editorial Galaxia.

Fotografías dos autores



Entrada ao Mayorazgo da Universidad de Salvatierra de Guanajuato



A comida mexicana é coma a xente: exuberante

Malia todo, non sei se herdarían dos guerreiros maias unha alegría desbordante e contaxiosa que se mete polos poros de quen visita México e xa non quere marchar máis. É a alegría ontolóxica, substancial, case a contraria de nós, os pobos deste lado do Atlántico que inventamos a saudade como criterio identitario. As xentes en México iluminan os saúdos con apertas que fan parte da convención e que, a quen vimos da Europa, das distancias como educación, nos resulta tan estraño que arreda. Podería ser incómodo, pero finalmente non o é. De súpeto, saúdante e apértante, e hai algo sincero nesa forma de aproximarse, un desexo de confianza que converte o turismo en viaxe emocional e humana arredor de paisaxes persoais que resultan exóticas, pero próximas a un tempo.

Si.

Fixémonos expertos en apertas corazón con corazón. E só fomos cinco días...

Así pois, México é, para nós, a alegría. Coma as bolboretas, poderíamos decidir renacer en México só para vivir, amar, desamar, escribir e describir unha vida distinta. E, sobre todo, morrer coa alegría coa que morren nesa parte do mundo en que un enterro vén sendo unha festa que celebra a certeza de vidas plenas só por seren vidas.

Tivemos a inmensa fortuna de vivir nunha pequena vila mexicana como Salvatierra de Guanajuato as vésperas da Festa de Mortos e comprobamos que a nosa celebración de Defuntos é triste e gris, dolorosa, seguramente, porque o peso esmagador da cultura xudeu-cristiá nos

obriga a entender a morte como perda, a morte coma desposuímento, porque a alma de quen marcha pasa a ser propiedade de Deus. Cada un dos altariños de mil cores e sete andares dos mortos mexicanos é unha lembranza de que a vida remata e se aproveita mentres existe. É a vida como lembranza o que serve de consolo, non unha intanxíbel promesa de vida eterna ou de paraíso. Coma as bolboretas monarca, cada persoa criada en México sabe de forma fonda e indubidábel que o paraíso é, en realidade, vivir. Vivilo todo. Desde soños de mezcal ata a pobreza; desde os amores esgazados das rancheiras que soan en todas partes ata a calma das miradas; desde os troteos na rúa ata a memoria do paraíso perdido da infancia. Todo cabe na vida e nun altar de mortos. E a música nos enterros, a comida como celebración. A vida, en fin, como medida de todas as cousas.

México é vital polos catro costados, nunha sorte de tirar para diante que se percibe na mocidade que envolve as rúas, os locais e as actitudes. Para o noso estupor, compartimos mesa e mantel con varias avoas de corenta anos fascinadas coa idea de que Inma López Silva aínda estivese nesa fase da maternidade que elas superaron aos vinte. Imaxinamos como serán as vidas desas mulleres que case arrastran en solitario a crianza desde que son pouco máis ca nenas con ganas de comer o mundo, rodeadas de homes que entenden que esa é a súa principal faceta na vida. E, porén, estas avoas de pouco máis de corenta lograron darlle unha trabada ao



San Miguel de Allende, patrimonio da humanidade

mundo para ser escritoras, empresarias, profesoras. A vida.

As mulleres mexicanas parecen sacadas dun anuncio de Versace dos anos oitenta, cos seus traxes cheos de cores, o seu trazo de lapis de kohl ben gordo nas pálpebras e os cabelos longuísimos e brillantes. Os homes, pola súa banda, ostentan a imaxe do *latin lover* que nunca se sabe se a herdaron das películas americanas ou foi ao revés. O tópico aquí convértese nunha actitude, nun xeito de estar e de mirar, nunha presenza masculina cargada de franqueza, pero tamén de agresividade, de espazo que se domina.

### III

México recende a picante, a chile e a *mole* medio seco, a *popochos* e tortillas. E sabe a mezcal e a todo tipo de combinados con tequila, refrescantes, electrizantes.

Chegado a este punto, cómpre lembrar que celebramos o aniversario de Francisco Castro nunha cantina mexicana: a de Pancho, nunha esquina inesquecible de Salvatierra. Nin Francisco nin México poderán esquecer ese momento en que se cruza un limbo e a celebración se converte en descuberta dun país, en que a memoria confunde cancións de Sabina e mariachis con párrafos enteiros de *Pedro Páramo*, manteis con *catrinas* e pan de morto, chiles cheos de carne, cousas doces a se cantaren coa música, e unha inspiración que, de seguro, aparecerá nas nosas novelas futuras.

Coma as bolboretas monarca,  
cada persoa criada en México sabe  
de forma fonda e indubidábel que o  
paraíso é, en realidade, vivir.

Vivilo todo.

Desde soños de mezcal ata a pobreza;  
desde os amores esgazados das rancheiras  
que soan en todas partes ata a calma  
das miradas; desde os tiroteos na rúa ata  
a memoria do paraíso perdido  
da infancia



A morte non se chora en México, celébrase



Facer anos en México, *mi cuate*, non che é calquera cousa. Sobre todo se entras nun restaurante e hai uns mariachis esperándote que cantan para ti mentres o resto dos comensais, que non te coñecen de nada, aplauden, coma se fosen amigos de vello, “ao señor Francisco”. Ou se vas a unha universidade para falar de literatura galega e a cousa empeza apertando a todas e a todo o alumnado, profesorado incluído, que insisten en abrazarte. Porque fas anos. Porque estás alí. Porque si.

A vida, manifestándose poderosa.

#### IV

Logo están os invisíbeis. Todos eses que non se ven, pero están e que nos lembran que México é América Latina e as súas contradicións. A peor de todas, a pobreza. Segundo a Comisión Económica das Nacións Unidas para América Latina e o Caribe, en México vive na pobreza o 53,2 por cento da poboación, e o 20 por cento na indixencia, isto é, subsistindo con menos dun dólar ao día. Vense, pero son invisíbeis. Están, pero dan igual. A pobreza estorba, pero fai parte

dunha paisaxe de persoas coa roupa raída, nenas co pelo sucio, bebés que aprenden a camiñar descalzos polas rúas dos pobos máxicos que aos nosos ollos se convierten en espellismo. Os *guachicoleros* rouban gasolina dos gasodutos de Pemex para vendela nas estradas aos camioneiros que cruzan México día e noite sen descanso. As nenas comezan a traballar aos 13 anos, se poden, no que poden. Vinte obreiros para facer un muro por unha miseria. Os gringos: vellas parellas de xubilados que á conta das súas pensións viven coma reis absolutos nesta terra onde calquera pode ser contratado sen contrato por menos do que vale calquera clase de dignidade. E os narcos mandan alí onde ofrecen o que a pobreza quita.

México deixa un pouso amargo cando a sombra da literatura e a nube de bolboretas monarca se apartan dos ollos e deixan ver eses invisíbeis. Entón o mezcal rasca e a alegría toda pica por baixo da pel. México tamén ten sombras que a literatura non ilumina, e feridas que non se curan nin con vendas nin cun “curasana”. Pero tamén son esas sombras as que atrapan as bolboretas e as fan volver un ano tras doutro a morrer en Mi-



Altars para lembrar os mortos. Vidas concentradas en arte efémera

chuacán, canda os invisíbeis que se agachan na inmensidade interminábel que é a Cidade de México vista desde o ar, no avión de volta.

Cansos, sentamos na butaca, descalzos, e miramos pola xaneliña en silencio. Ante nós, o ceo aberto en que non se divisa o final da cidade inmensa onde non estivemos. Sabemos que aí,

neses puntiños que se moven e que cobren toda a terra, hai bolboretas monarca que morrerán en Michuacán, ateigadas da vida e da alegría, dos recendos sen fin, dos abrazos e das olladas. E, coma elas, voamos polo ar cálido deste país que nos deixou o corazón tocado para sempre ■